

## Dirección Xeral da CRTVG

---



Resolución do 18 de setembro de 2023 pola que se establece o procedemento de presentación de programas radiofónicos e sonoros.

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., DE DATA 18 DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES, POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO DE PRESENTACIÓN DE PROGRAMAS RADIOFÓNICOS E SONOROS.

En virtude das funcións atribuídas nas aliñas *b* e *i* do Artigo 26.2. da “Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”,

RESOLVO

Regular o procedemento de presentación de programas radiofónicos e sonoros de acordo co establecido no documento anexo.

En Santiago de Compostela, a 18 de setembro de 2023

O DIRECTOR XERAL DA CRTVG



**CRTVG** CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Asdo. Alfonso Sánchez Izquierdo

## ÍNDICE

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA. ....	1
Entidades interesadas. ....	1
Empresas solicitantes .....	2
Subcontratación. ....	2
II. CATEGORÍA DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS. ....	2
III. USO DA LINGUA GALEGA. ....	3
IV. DOTACIÓN ORZAMENTARIA. ....	3
V. FORMA/LUGAR DE PRESENTACIÓN. ....	3
VI. PRAZOS DE PRESENTACIÓN. ....	4
VII. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA. ....	4
VIII. CRITERIOS DE VALORACIÓN. ....	5
IX. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. ....	8
Presentación, rexistro e verificación da corrección formal e suficiencia da documentación. ...	8
Análise e valoración. ....	8
Resolución. ....	9
X. ADQUISICIÓN DE DEREITOS. ....	10
XI. DEFINICIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN. ....	10
XII. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E LISTADO DE MATERIAIS. ....	11
XIII. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. ....	12
XIV. RÉXIME XURÍDICO. ....	12
XV. ENTRADA EN VIGOR. ....	12
ANEXO I. FICHA DE REXISTRO DE PROGRAMAS RADIOFÓNICOS E SONOROS .....	1
ANEXO II. ORZAMENTO .....	5
ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE .....	8
ANEXO IV. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE EMPRESA SUBCONTRATISTA. ....	11
ANEXO V. CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA TITULARIDADE DOS DEREITOS CEDIDOS PARA UN PRODUTOR .....	14
ANEXO VI. CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA TITULARIDADE DOS DEREITOS CEDIDOS VARIOS PRODUTORES. ....	15



## I. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases e definir e estandarizar o procedemento para a contratación de programas radiofónicos e sonoros para ofrecer un servizo de calidade baixo criterios de eficiencia e garantindo a concorrencia competitiva, obxectividade e independencia.

Neste contexto, a Corporación RTVG está a desenvolver un sistema de información dixital integral e interoperable que automatice os procesos inherentes ao procedemento de adquisición de contidos. Este sistema de información dixital integral e interoperable converterase nun punto único de rexistro para a tramitación coas produtoras ou axentes audiovisuais interesados.

A presentación de proposta audiovisuais estaría guiada a través deste sistema de información dixital integral e interoperable mediante uns formularios dixitais, completados con arquivos a anexar telemáticamente en función do tipo de convocatoria e categoría producindo uns beneficios tanto para a Corporación RTVG coma para as produtoras ou axentes audiovisuais interesados.

Mentres se leva a cabo esta implementación, a presentación de proxectos realizarase a través dun único e-mail co obxectivo de centralizar a comunicación. E, para unha maior simplificación e concreción estandarizaranse os modelos de formularios.

Os contratos regulados por esta resolución terán a consideración de contratos privados e quedan excluídos do ámbito de aplicación do Texto Refundido de a Lei de Contratos do Sector Público.

Os contratos de estes programas non serán contrarios ao artigo 35 da lei 9/2011, de 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. No que se establece que A Corporación RTVG non poderá ceder a terceiros a realización e edición de programas informativos.

Por último, esta resolución garante un acceso aberto á normativa de referencia, coa instrución e criterios de valoración, para o libre acceso dos interesados, e ademais de comunicación individual da resolución do comité.

### Entidades interesadas.

Poderán presentar as propostas de programas radiofónicos ou sonoros todas as persoas físicas ou xurídicas constituídas como produtoras independentes e dadas de alta no IAE.

Entenderase por produtora independente, aos efectos desta resolución, toda persoa física ou xurídica que non estea vinculada de forma estable nunha estratexia empresarial común a un prestador de servizos de comunicación audiovisual obrigado a cumprir o disposto nos artigos 117 a 119 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeneral de comunicación audiovisual, e que asume a iniciativa,

coordinación e risco económico da produción de programas ou contidos audiovisuais, por propia iniciativa ou por solicitude, e a cambio dunha contraprestación ponos a disposición do devandito prestador de servizos de comunicación audiovisual.

Cando a persoa xurídica sexa unha agrupación de interese económico (AIE), os requisitos citados deberán ser cumpridos por todas as empresas que a integran no momento da súa constitución.

### Empresas solicitantes

A sinatura do contrato será realizada coa entidade titular dos dereitos de propiedade da obra radiofónica e sonoro na medida que sexan necesarios para a explotación e comercialización desta.

En caso de empresas coprodutoras, a sinatura do contrato implicará a todas as empresas titulares dos dereitos de propiedade da obra radiofónica e sonora na medida que sexan necesarios para a explotación e comercialización desta salvo que no contrato de coprodución se reserve explicitamente dito dereito en favor da empresa solicitante para asinar coa Corporación RTVG.

Só poderán participar neste procedemento as empresas solicitantes que teñan unha participación igual ou superior ao 20 por cento do proxecto radiofónico e sonoro presentado. Se o proxecto se realizase en coprodución internacional, a porcentaxe do proxecto radiofónico e sonoro se refire exclusivamente á parte española.

Os solicitantes non poderán ter vinculación laboral coa Corporación RTVG.

Non poderán presentar propostas aquelas entidades que teñan pendentes a presentación de liquidacións por contratos audiovisuais anteriores.

### Subcontratación.

Admitirase a subcontratación de actividades e servizos superiores ao 50 % do orzamento cunha soa empresa, sempre que non realice o servizo principal. Terá que vir xustificado e engadirase como documentación complementaria.

No caso de subcontratacións superiores ao 30 % do orzamento, as empresas subcontratistas deberán presentar unha declaración responsable.

Non se admitirá a subcontratación por riba do 75 %

## II. CATEGORÍA DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS.

A Corporación RTVG canaliza por este procedemento a contratación de programas radiofónicos e sonoros para a emisión nas súas canles de radio ou a petición.

En coherencia coas definicións que fornece a Lei 13/2022, o procedemento regulado nesta Resolución considera programa radiofónico e sonoro o conxunto de contidos sonoros, con ou sen imaxes, que forman un elemento unitario dentro do horario de programación dun servizo de comunicación audiovisual radiofónico ou dun catálogo dun servizo de comunicación audiovisual sonoros a petición, así como contidos ou materiais accesorios ou auxiliares á programación, relacionados coa emisión da mesma.

Enténdese por servizo de comunicación radiofónica e sonora ó servizo de comunicación audiovisual que se presta para a escoita simultánea de programas e contidos radiofónicos e sonoros en base a unha programación utilizando calquera soporte tecnolóxico.

Enténdese por servizo de comunicación audiovisual sonoros baixo demanda ó servizo de comunicación audiovisual prestado para a audición de programas e contidos radiofónicos e sonoros no momento elixido polo oínte e a petición propia a partir dun catálogo de programas seleccionados polo prestamista.

### III. USO DA LINGUA GALEGA.

A lingua da Corporación RTVG é o galego; polo tanto, os programas terán que ser na mesma lingua.

### IV. DOTACIÓN ORZAMENTARIA.

A Corporación RTVG, coa finalidade de cubrir as súas necesidades de programación, realizará a dotación orzamentaria en cada momento. Será necesario certificar por parte da Área de Contidos e contabilizarse pola Área de Xestión Corporativa a existencia de crédito axeitado e a suficiencia de orzamento da Corporación RTVG.

### V. FORMA/LUGAR DE PRESENTACIÓN.

Toda a información e documentación requirida para a presentación de programas radiofónicos e sonoros está recollida nesta Resolución que se publicará na web do Portal de Transparencia da Corporación RTVG <http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia>, de acceso público, sen necesidade de rexistrarse previamente.

A documentación requirida nesta Resolución a achegar polos/as propoñentes de proxectos de produción audiovisuais e sonoros entregarase ou remitirase ao Servizo de Xestión da Área de Contidos nunha copia en soporte dixital ao enderezo electrónico: [proxectosav@crtvg.gal](mailto:proxectosav@crtvg.gal). A través desta mesma canle, tamén se enviarán as distintas comunicacións así como a notificación da resolución do Órgano de contratación e os seguintes pasos a dar.

Os propoñentes do proxecto deben ser titulares dos dereitos da produción dos programas radiofónicos e sonoros. Nos casos de cotitularidade, a solicitude debe ser presentada polos cotitulares ou por quen teña a representación.

Sobre este procedemento administrativo, poderase obter información adicional ou os formularios e anexos que acompañan a esta Resolución a través dos seguintes medios:

Teléfono 881 958 921

Enderezo electrónico: [proxectosav@crtvg.gal](mailto:proxectosav@crtvg.gal)

## VI. PRAZOS DE PRESENTACIÓN.


Esta convocatoria, sen prexuízo de que poida formular convocatorias específicas, manterá aberta de xeito continuo a recepción de propostas de programas radiofónicos e sonoro por parte de quen os promovan.

A criterio do/a Director/a de Departamento Responsable da Área de Contidos, e en función das necesidades de programación, a Comisión Directiva de Programación radiofónica e sonora reunirse con carácter ordinario cantas veces sexa preciso ao longo de cada exercicio.

## VII. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA.

Para a presentación e rexistro, a solicitude deberá ir axustada aos anexos desta Resolución, que irá acompañada dos documentos se especifican a continuación. Aquelas propostas que sexan presentadas sen consignar os documentos que se consideran obrigatorios poderán ser excluídas.

A documentación necesaria para o rexistro inicial incluirá:

- 
1. A ficha de rexistro debidamente cuberta. (Anexo I).
  2. Unha memoria do proxecto caracterizando:
    - 2.1. O seu deseño e contidos.
    - 2.2. O público obxectivo ao que se dirixe.
    - 2.4. Os criterios de realización: tratamento sonoro, música/s etc..
    - 2.5. Estratexias comunicativas, estratexia dixital e criterios de inclusividade.
  3. Unha presentación dos/as condutores/as, voces.
  5. Un modelo de escaleta e, no seu caso, un guión previo.
  6. Unha proposta de director/a, incluíndo o historial.
  7. Unha proposta de autor/a do guión, incluíndo o historial, se difire do director/a.
  8. O orzamento proposto desagregado por partidas, indicando orzamento por episodio e o orzamento total. (Modelo de orzamento e resumo orzamentario suxerido no Anexo II)

9. O plan de produción.

10. Documentación administrativa: declaración responsable (Anexo III), declaración responsable para o subcontratista en caso de necesidade (Anexo IV), e certificación acreditativa da titularidade dos dereitos cedidos para un produtor (Anexo 5) ou varios produtores (Anexo 6)

11. O historial da entidade produtora -só no caso que presente proxectos por primeira vez-.

**As persoas solicitantes deberán enviar, seguindo a mesma orde de numeración e nomenclatura, a documentación anterior.**

Os anexos da documentación requirida terán que vir asinados, preferentemente por certificado dixital.

Unha vez aprobada a contratación da proposta, o Servizo de Xestión procederá á súa comunicación, polos mesmos medios da presentación dos proxectos. Nesta comunicación solicitarase a entrega da documentación administrativa precisa. Esta será un requisito imprescindible con carácter previo á formalización do contrato polo órgano de contratación da Corporación RTVG.

1. Certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias (AEAT e Facenda).
2. Certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social.
3. Xustificante pago IAE.
4. Xustificante de estar dado de alta como autónomo ou escrituras de constitución e copia autorizada do poder notarial onde se outorga poderes de representación para poder presentar as propostas e asinar o contrato se procede.
5. DNI da/s persoa/s física/s das persoas que van a presentar as propostas e asinar o contrato se procede.

A Corporación RTVG poderá requirir á produtora seleccionada o cumprimento dos requirimentos anteriores xunto cos restantes documentos necesarios para a preparación do contrato no prazo de 15 días naturais.

As propostas que non acrediten dentro do prazo o cumprimento das obrigacións requiridas ou non presente a documentación en prazo, poderán ser excluídas.

Unha vez finalizado o trámite anterior, a Corporación RTVG poderá requirir á produtora para a formalización do contrato no prazo de cinco días a contar dende a recepción deste.

## VIII. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

O baremo de valoración atenderá á fórmula que combina determinadas dimensións de xuízo a aplicar a cada proxecto presentado, conforme ás súas características e ás condicións de produción e explotación recollidas nel.



A valoración suporá xulgar esas características e condicións desde un criterio fundado en canto ao grao en que satisfán as esixencias debidas ou teñen un efecto positivo previsible nesas dimensións.

As dimensións obxecto de valoración son:

- ✓ **Calidade.** Son elementos da calidade, susceptibles así de valoración: a linguaxe sonora proposta en canto ó seu atractivo, actualidade e innovación; a calidade técnica e artística nos seus distintos aspectos segundo o tipo de produto de que se trate; o grao de curiosidade e reflexión que poida xerar no público; o atractivo en razón da estrutura e ritmo que se derive no seu caso do argumento e o/s guión/s; a presenza no elenco técnico e/ou artístico de persoas que constitúan un reclamo para a audiencia; o rendemento funcional que caiba esperar en termos de audiencia e satisfacción de necesidades de programación; o grao de compromiso cos valores éticos e cívico políticos que informan a actividade da Corporación. Tamén, para determinados tipos produtos, o interese e/ou o suxestivo e orixinal do enfoque temático, aínda, se cómpre, o seu rigor; o interese e atractivo dos personaxes; a virtualidade de interacción co público, e a de proxección en redes sociais. En todo caso, a contribución ao servizo público encomendado á Corporación RTVG.
- ✓ **Cultura e identidade socio-cultural.** Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a familiaridade do tema para a audiencia e a súa identificación con el, ou ben a pretensión de revelar ao público aspectos pouco coñecidos da realidade de Galicia e das súas relacións con outros países e xentes; o seu valor divulgativo; a súa contribución para presentar ou construír a identidade colectiva do país; segundo os casos, dar continuidade ou actualizar unha ficción emblemática e/ou un produto emblemático da Corporación anterior no tempo, o mesmo que, nalgúns, a virtualidade de proxección en redes sociais.
- ✓ **Promoción da lingua galega.** Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a potencial contribución do proxecto á normalización lingüística en xeral, ou ben en particular o propoñer un uso especializado do galego ou en ámbitos que non lle son habituais, e no seu caso, o feito de ter como tema lingua ou a literatura galegas.
- ✓ **Promoción do talento.** Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a potencial contribución do proxecto para estender o recoñecemento de quen interveñen nel, singularmente sendo profesionais galegos/as, segundo o tipo de produción de que se trate, así como para xerar recoñecementos que outorguen prestixio ao sector audiovisual galego e á Corporación RTVG.
- ✓ **Promoción de Galicia.** Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: o potencial dos elementos de produción, contido e posta en escena para a promoción da imaxe de Galicia en canto país, sociedade, cultura e realidade económico produtiva.

- ✓ Distribución e comercialización. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: o potencial do proxecto para xerar rendementos adicionais na súa explotación e, segundo os casos, para ser comercializado.
- ✓ Innovación e tecnoloxía. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a adecuación e aínda a superación dos estándares técnicos e tecnolóxicos habituais nos produtos da Corporación; segundo os casos, o seu grao de emprego de formas ou linguaxes propias das novas canles de comunicación.
- ✓ Xestión responsable. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a medida en que o proxecto garante a viabilidade efectiva do deseño de produción comprometido; aquela en que o produto recollido no proxecto ten capacidade para dar continuidade, articulación ou contido básico clave á programación; para ampliar a audiencia total ou o alcance dos medios da Corporación, así como a medida da súa adecuación orzamentaria en comparación cos outros concorrentes no momento en que é avaliado.
- ✓ Persoas con discapacidade. Son elementos de esta dimensión, susceptibles así de valoración a potencial contribución do proxecto para favorecer unha imaxe axustada, respectuosa, apreciativa, inclusiva e libre de estereotipos das persoas con discapacidade e da accesibilidade universal do servizo audiovisual.

A valoración máxima susceptible de atinxirse por un proxecto será de 100 puntos. Para valorar os proxectos presentados aplicarase unha puntuación, distribuíndo ese máximo posible 100, dentro duns rangos dados, a cada unha das dimensións devanditas. O peso relativo da valoración máxima desagregada nesta categoría é:

MODELO DE BAREMO	PROGRAMA RADIOFÓNICO OU SONORO
DIMENSIONES DE VALORACIÓN	PUNTOS
CALIDADE	25
CULTURA E IDENTIDADE	7
PROMOCIÓN DA LINGUA	4
PROMOCIÓN DO TALENTO	5
PROMOCIÓN DE GALICIA	7
COMERCIALIZACIÓN	5
INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA	5
XESTIÓN RESPONSABLE	40
ACCESIBILIDADE	2
TOTAL	100

Relativamente aos efectos da puntuación obtida establécese o seguinte: os proxectos que atinxan ata 50 puntos na valoración serán propostos á Comisión para que esta os desconsidere con carácter definitivo; os que atinxan unha puntuación de 61 ou máis puntos serán propostos á Comisión para que esta os aprrobe a efectos de xestión da contratación, adquisición de dereitos ou

coprodución, así mesmo, os que atinxan entre 51 e 60 puntos na valoración serán propostos á Comisión para que esta adé a súa consideración de novo durante un prazo máximo de 18 meses.

## IX. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

Os procedementos concíbense en tres fases:

- ✓ Presentación, rexistro e verificación da corrección formal e suficiencia da documentación.
- ✓ Análise e valoración.
- ✓ Resolución.

### Presentación, rexistro e verificación da corrección formal e suficiencia da documentación.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos ao enderezo electrónico [proxectosav@crtvg.gal](mailto:proxectosav@crtvg.gal).

A partir da verificación polo Servizo de Xestión da documentación dun proxecto en canto a que estea completa e con plena corrección formal, as eventuais carencias darán lugar a unha comunicación co seu detalle, requirindo ao/á propoñente a súa corrección, sexa por emenda sexa por adición de novos datos ou documentos. O prazo máximo para a corrección requirida será de 15 días naturais a partir da súa comunicación. Se o/a o propoñente non procede nese prazo á corrección indicada, faráselle saber a exclusión a todos os efectos do proxecto correspondente do procedemento. Esta circunstancia será comunicada aos interesados e as solicitudes afectadas non pasarán a seguinte fase.

Os proxectos rexistrados e coa documentación completa e correcta segundo o descrito serán obxecto de valoración.

### Análise e valoración.

A partir da súa remisión polo Servizo de Xestión, a valoración das propostas de programas radiofónicos e sonoros farase pola Área de Contidos de acordo co establecido, aplicando un xuízo fundado e obxectivo mediante o modelo de baremo anterior, xerando así unha puntuación global para cada proposta en razón da obtida nas súas distintas dimensións. Como resultado xerarase un informe de valoración para cada proposta. A puntuación global alcanzada predetermina os efectos da valoración segundo os limiares consignados. En calquera caso, o informe de valoración elaborado pola Área de Contidos presentarase á consideración da Comisión.

A dinámica temporal do procedemento a partir do rexistro satisfactorio dunha proposta virá dado pola secuencia de convocatorias ordinarias da Comisión Directiva de Programación radiofónica e sonora. Esta é convocada polo/a Director/a de Departamento Responsable da Área de Contidos para unha data

determinada. A Comisión tomará coñecemento e pronunciarase así sobre as propostas comprendidas nun ciclo temporal definido por unha data de inicio e outra de fin. Cada ciclo ábrese na data seguinte inmediata á aquela en que se pechou o anterior. A determinación das datas devanditas corresponde ao/á Director/a de Departamento Responsable da Área de Contidos.

A Área de Contidos emitirá os correspondentes informes de valoración que, de ser o caso, se materializarán nas solicitudes de crédito que procedan. Así informados, os proxectos presentaranse á Comisión, que se pronunciará sobre eles, unha vez reunida, con relación ao conxunto dos satisfactoriamente rexistrados no ciclo temporal de que se trate obxecto da súa convocatoria.

Ademais o Servizo de Xestión, a propósito de cada reunión da Comisión en que esta entenda de contratación, nomeadamente así as de carácter ordinario, xerará unha acta e a documentación complementaria precisa para deixar constancia da aplicación do procedemento a cada proxecto rexistrado e á suma destes.

### Resolución.

A proposta de resolución positiva materializarase nunha decisión da Comisión, a proposta a súa vez da Área de Contidos e previo informe de valoración, de acordo coas normas legais vixentes por parte da Corporación RTVG.

Instruído o procedemento, á vista do expediente de cada proposta en canto veracidade e suficiencia da documentación oficial requirida, da puntuación do informe de valoración e, se cómpre, da certificación e verificación de crédito, a Comisión Directiva de Programación radiofónica e sonora instará a resolución que corresponda. Ditada esta, o Servizo de Xestión procederá á súa comunicación, polos medios e nos termos correspondentes, aos/ás propoñentes antes de que transcorra un mes desde a celebración da reunión correspondente da Comisión. Ademais, no seu caso, incoará a tramitación do expediente administrativo correspondente para a formalización do contrato entre a Corporación RTVG e os/as propoñentes do proxecto radiofónico e sonoro de que se trate.

Excepcionalmente, en atención a necesidades de programación debidamente xustificadas ou ante a necesidade inaprazable de contar cun determinado contido que teña por obxecto temas de actualidade de excepcional importancia e urxentes para cumprir coa misión de servizo público encomendada, non se seguirá o procedemento de selección indicado.

Nestes casos, a Dirección da Área de Contidos motivará a necesidade inaprazable de contar con este contido, xustificando os motivos que o levan a seleccionar a unha determinada produtora que, en todo caso, deberá aportar a documentación administrativa precisa.

## X. ADQUISICIÓN DE DEREITOS.

En termos xerais, agás un pacto específico que no seu caso se formulará explicitamente no contrato, os dereitos adquiridos por parte da Corporación RTVG serán dereitos audiovisuais radiofónicos e sonoros sobre a produción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG. É dicir:

Os dereitos de explotación de propiedade intelectual e afíns que sexan preceptivos para a explotación das obras radiofónicas e sonoros, especialmente os dereitos de:

- Reprodución, distribución e comunicación pública por radiodifusión, calquera que sexa a modalidade técnica empregada, analóxica ou dixital, ondas terreas, cable, satélite;
- reprodución en base de datos e comunicación pública por redes de telecomunicación informáticas mediante calquera procedemento técnico coñecido;
- reprodución e distribución dos fonogramas en CD e todos os formatos semellantes;
- dereito de transformación da obra radiofónica e sonoros. O devandito dereito comprende, así mesmo, o dereito de edición separada de calquera parte da obra, así como o de sincronización noutras obras radiofónicas.

Os dereitos especificados no apartado anterior serán adquiridos en exclusiva, con facultade de cesión a terceiros, para todos os países do mundo e ata que as creacións entren no dominio público, polo tempo máximo establecido no Real Decreto Lexislativo 1 /1996, do 12 de abril.

Excepcionalmente poderíase contemplar acordos de coprodución e outras formulas de participación. Dita proposta de dereitos terá que vir detallada no formulario definindo os conceptos que nel apareza.

## XI. DEFINICIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN.

Aos efectos dunha comprensión plena do contido desta Resolución, debe sinalarse que, de acordo co Art. 26.2 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, actúa como órgano de contratación, e polo tanto a adxudicación e formalización dos contratos seleccionados ao abeiro do procedemento regulado lle compete, a Dirección Xeral da Corporación RTVG, cando a súa contía sexa superior a 250.000 euros. Por delegación daquela, cando o importe sexa inferior a 250.000 euros, compete á Dirección de Departamento Responsable da Área de Contidos.

O órgano de contratación estará asistido pola Comisión Directiva de Programación radiofónica e sonora da Corporación RTVG, que será o órgano a quen corresponda valorar as propostas e a efectuar a proposta de contratación.

A Comisión esta composta por:

- ✓ O/a Director/a Xeral.
- ✓ O/a Director/a de Departamento Responsable da Área de Contidos.
- ✓ O/a Subdirector/a -de Departamento- de Programación e Emisións.
- ✓ O/a Xefe/a do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega.
- ✓ O/a Director/a do Departamento de Asuntos Xurídicos.
- ✓ O/a Director/a do Departamento Económico e de Contabilidade.
- ✓ O/a Xefe/a do Servizo de Xestión actuando como secretario/a.

O secretario actuará con voz pero sen voto.

## XII. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E LISTADO DE MATERIAIS.

En termos xerais, agás un pacto específico deberanse entregar os materiais conforme ás seguintes características técnicas:

### Material principal

Realizarase en arquivo MP2 ou MP3 segundo o protocolo que lle remitirá a Corporación RTVG, por medio de FTP. Alternativamente por Drop Box ou USB.

Para os programas radiofónicos ou sonoros en directo necesitarían a maiores:

- Conexión contra un Codec IP instalado no Control Central da Radio Galega da marca Prodys, que utiliza un protocolo de comunicación propietario. Requírese compatibilidade entre o equipo da Radio Galega e o equipo utilizado para a transmisión dende o estudio dende o que se realiz ao programa en directo dende o exterior.

Datos do equipo da Radio Galega: Codec IP Prodys, modelo Prontonet LC, para montaxe en Rack 19". Tamén serve a alternativa de equipamento portátil desembarcado tipo Prodys modelo Nómada IP W ou IP XL.

Recoméndase Prontonet LC conectado contra unha mesa de mesturas.

- A configuración que se debe rexistra neste codec IP é a seguinte:

PCM 1536 Kbps a 48Khz, 16 bits Stereo ou PCM 768 Kbps, 48Khz, 16 bits Mono. Tamén serve MPEG LayerII 256 Kbps, 48Khz, Stereo ou MPEG LayerII, a 256 Kbps, 48Khz, 16 bits Stereo.

### Materiais secundarios

Realizarase en arquivo MP2 ou MP3 segundo o protocolo que lle remitirá a Corporación RTVG, por medio de FTP. Alternativamente por Drop Box ou USB.

Entregar unha (1) cuña promocional do mesmo cunha duración de trinta segundos (30").

Entregar tres (3) pezas que conteñan os momentos máis salientables de cada programa para a súa publicación nas redes sociais. Cada peza terá unha duración de sesenta segundo (60").

Fotografía xenérica do programa nunha calidade mínima de 1920x1080 a 72ppp que servirá para amosar o programa nas plataformas da Corporación RTVG. Polo tanto debe estar especialmente coidada e non se aceptarán capturas de pantalla nin fotografías de móbiles en baixa calidade.

### XIII. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A Corporación RTVG informa que, con base no Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de persoas físicas respecto ao tratamento de datos de carácter persoal e á libre circulación deses datos (RGPD) e a lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal que as persoas interesadas nos facilita durante a presentación de programas radiofónicos e sonoro, e que fai referencia a datos de carácter persoal, resulta necesario para o o procedemento de presentación. Informámoslle que ditos datos non serán cedidos a terceiros sen o seu expreso consentimento salvo obriga legal ou base xurídica que o lexitime e serán conservados unicamente polo tempo que legalmente corresponda.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Oposición, Limitación e Portabilidade por email, na dirección [lopd@crtvg.es](mailto:lopd@crtvg.es), xuntando copia do DNI. Tamén poderá presentar unha reclamación perante unha autoridade de control.

### XIV. RÉXIME XURÍDICO.

Os contratos obxecto desta Norma quedan excluídos do ámbito de aplicación do Texto Refundido de a Lei de Contratos do Sector Público de acordo co disposto no seu artigo 4.1, letra p). Os devanditos contratos terán carácter privado e se lles aplicará o Texto Refundido da Lei Propiedade Intelectual, así como as demais normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que poidan xurdir entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e resolución destes contratos e calquera cuestión litixiosa que afecte á súa preparación e adxudicación.

### XV. ENTRADA EN VIGOR.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Portal de transparencia da Corporación RTVG (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia>).



San Marcos, S/N  
15820 Santiago de Compostela  
NIF: A15073349

## ANEXO I. FICHA DE REXISTRO DE PROGRAMAS RADIOFÓNICOS E SONOROS

Datos da persoa de contacto a efectos de comunicación e notificación

Nome	Apelidos	NIF
Teléfono	E-mail	Cargo

Datos da persoa autorizada para poder presentar as propostas e asinar o contrato.

Nome	Apelidos	NIF
Actúa en calidade de		

Nome	Apelidos	NIF
Actúa en calidade de		

Datos da empresa solicitante

Nome da produtora		CIF/NIF		
Domicilio Social				
Municipio/Localidade	CP	Provincia	Pais	Teléfono



En caso de Co-productoras a primeira fila ten que aparecer a empresa solicitante. Deberá engadirse a documentación da proposta o contrato de coprodución.


Co-productoras	CIF/NIF	%	País	Reservado dereito <sup>1</sup>

Título do proxecto	
Tipo	
Xénero	

Clasificacións por idades	
---------------------------	--

Directo		Formato	
---------	--	---------	--

Nº de capítulos		Custo por capítulo (sen IVE)	
Duración <sup>2</sup>		Custo total (sen IVE)	

Sinopse (Máx. 350 palabras)


1 Reservado explicitamente dereito no contrato de coprodución en favor da empresa solicitante para asinar coa Corporación RTVG.

2 Duración en minutos

Persoal  
Elenco técnico

	Nome	Apelidos
Director/a		
Director/a		
Director/a		
Autor/a do guión		
Autor/a do guión		
Autor/a do guión		

Elenco técnico (Especificar)	Nome	Apelidos

Equipo artístico

Nome	Apelidos	Clase	Vinculación con Galicia

Proposta cesión dereitos

Os dereitos establecidos na Resolución sobre a produción en exclusiva para a Corporación RTVG.

Excepcionalmente, acordos de coprodución e outras fórmulas de participación

En caso de sinalar o segundo punto:

Proposta cesión dereitos

--



ANEXO II. ORZAMENTO

Produtos Sonoros Radio

Cód. Orz.	CANTIDADE	UNIDADE	TOTAL
<b>CAPÍTULO 01 - GUION E MUSICA</b>			
01.01			0,00
01.01.01			
01.01.02			
01.01.03			
01.01.99			
01.02			0,00
01.02.01			
01.02.02			
01.02.99			
<b>TOTAL CAPÍTULO 01</b>			
<b>CAPÍTULO 02 - PERSONAL</b>			
02.01			0,00
02.01.01			
02.01.02			
02.01.03			
02.01.04			
02.01.99			
02.02			0,00
02.02.01			
02.02.02			
02.02.03			
02.02.04			
02.02.99			
02.03			0,00
02.03.01			
02.03.02			
02.03.03			
02.03.04			
02.03.99			
02.04			0,00
02.04.01			
02.04.02			
02.04.03			
02.04.04			
02.04.05			
02.04.06			
02.04.07			
02.04.08			
02.04.09			
02.04.10			
02.04.11			
02.04.12			
02.04.13			
02.04.14			
02.05			0,00
02.05.01			
02.05.99			
02.06			0,00
02.06.01			
02.06.02			
02.06.03			
<b>TOTAL CAPÍTULO 02</b>			
<b>CAPÍTULO 03 - ESTUDIOS PRODUCCIÓN, SONORIZACIÓN E VARIOS PRODUCCIÓN</b>			
03.01			0,00
03.01.01			
03.01.02			
03.01.03			
03.01.99			
03.02			0,00
03.02.01			
03.02.99			
03.03			0,00

*[Handwritten signature]*

03.03.01	Costes de guión	
03.03.02	Fotocopias en Rodaxe	
03.03.03	Teléfono en días de Rodaxe	
03.03.04	Imprenta, etc. ligeros de Rodaxe	
03.03.05	Equipo de son alugado	
03.03.06	Equipo de son adquirido	
03.03.99	Outros (A especificar)	
<b>TOTAL CAPITULO 03</b>		<b>0.00</b>
<b>CAPITULO 04 - VIAXES, HOTEIS E DOMDIAS</b>		
04.01	Localización	0.00
04.01.01	Gastos locomoción	
04.01.99	Outros (A especificar)	
04.02	Hoteles e comedias	0.00
04.02.01	Facturación hotel	
04.02.02	Comidas en días de Rodaxe	
04.02.99	Outros (A especificar)	
<b>TOTAL CAPITULO 04</b>		<b>0.00</b>
<b>CAPITULO 05 - GASTOS GENERALES E SEGUROS</b>		
05.01	Xerais	0.00
05.01.01	Aspirar de oficina	
05.01.02	Personal administrativo	
05.01.03	Mensaxería	
05.01.04	Teléfono	
05.01.05	Materiais de oficina	
05.01.99	Outros (A especificar)	
05.02	Seguros	0.00
05.02.01	Seguro de responsabilidade civil	
05.02.99	Outros (A especificar)	
<b>TOTAL CAPITULO 05</b>		<b>0.00</b>

\* As unidades de medida poden ser mes, semana, quincenas, etc.



San Marcos, S/N  
15820 Santiago de Compostela  
NIF: A15073349



**CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA**

## Resumo orzamentario

Título:

Produtora:

CAPITULO 01.- GUIÓN E MÚSICA	0,00
CAPITULO 02.- PERSOAL	0,00
CAPITULO 03.- ESTUDIOS RODAXE/SONORIZACIÓN E VARIOS PRODUCCIÓN	0,00
CAPITULO 04.- VIAXES, HOTEIS E COMIDAS	0,00
CAPITULO 05.- GASTOS XERAIS E SEGUROS	0,00

TOTAL..... 0,00

% Beneficio Industrial  
Beneficio Industrial 0,00

TOTAL ORZAMENTO..... 0,00

Nº de capítulos

CUSTO POR CAPÍTULO..... #¡ DIV/0!

**ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO AUDIOVISUAL E SONORO	
---	--

**DATOS DA PERSOA XURÍDICA**

Entidade mercantil que representa:	
NIF:	

**DATOS DA PERSOA QUE DECLARA**

Nome:	Apelidos:	NIF:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:
Enderezo de contacto:		

**1.- DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

1. Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
2. Que non concorren as seguintes circunstancias na empresa á que represento:
  - a) Ter solicitada a declaración de concurso voluntario, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declaradas en concurso, salvo que neste adquirira eficacia un convenio ou se iniciara un expediente de acordo extraxudicial de pagamentos, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso
  - b) Ser condenadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que poña en dúbida a súa integridade, de disciplina de mercado, de falseamento da competencia, de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, ou de estranxeiría, de conformidade co establecido na normativa vixente; ou por infracción moi grave en materia medioambiental, de conformidade co establecido na normativa vixente, ou por infracción moi grave en materia laboral ou social, de acordo co disposto no texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, de 4 de agosto así como pola infracción grave prevista no artigo 22.2. do citado texto.
  - c) Ser condenadas mediante sentenza firme por delitos de terrorismo, constitución ou integración dunha organización ou grupo criminal, asociación ilícita, financiamento ilegal dos partidos políticos, trata de seres humanos, corrupción nos negocios, tráfico de influencias, suborno, fraudes, delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade social, delitos contra os dereitos dos traballadores, prevaricación, malversación, negociacións prohibidas aos funcionarios, branqueo de capitais, delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, la protección do patrimonio histórico e o medio ambiente, ou á pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio.
3. Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26

de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.

4. Que a entidade á que represento conta coa capacidade de obrar necesaria para contratar coa Corporación RTVG, conforme aos preceptos do código civil.
5. Que a entidade á que represento conta coa capacidade económica e técnica necesaria para a produción da obra radiofónica e sonoro que presenta á Corporación RTVG, comprometéndose a acreditala ante a Corporación RTVG antes da subscripción do contrato.
6. Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin e a realizar a obra segundo o orzamento que se xunta.
7. Que acreditarei a posesión e validez dos documentos necesarios para contratar coa Corporación RTVG e achegarei ditos documentos, cando así me sexa requirido en calquera momento anterior á formalización do contrato.
8. Que a entidade á que represento cumpre coa normativa vixente, especialmente o Estatuto dos Traballadores e o convenio colectivo que resulte de aplicación, así como coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ademais cumpre puntualmente coas súas obrigas salariais cos seus traballadores e co pagamento das cotas da Seguridade social.
9. Que a entidade á que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
10. Que a entidade á que represento está dada de alta na matrícula correspondente do imposto de actividades económicas:

- Está ao corrente no pagamento.
- Está exenta, de conformidade co artigo 82.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

## 2.- CONSULTA DE DATOS. OPCÍONS (marcar unha das opcións)

### A. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS

De conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo o órgano contratante para consultar os datos que a seguir se relacionan:

(sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)

- Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
- Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Consulta datos de identidade de persoas físicas



### **B- OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS**

- De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran pola Corporación RTVG sexan consultados directamente por esta e, polo tanto, comprométome a achegar a documentación requirida.

### **3-. SUBCONTRATACIÓN (información non esixible nos proxectos de apoio á produción cinematográfica)**

Para a produción da obra declaro que:

- A entidade á que represento non ten previsto subcontratar con terceiros a execución da obra radiofónica e sonoro
- A entidade a que represento ten previsto subcontratar con terceiros a execución da obra radiofónica e sonoro:

INDICACIÓN PARTE DO CONTRATO SUBCONTRATADA	INDICACIÓN SUBCONTRATISTA	PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN

### **4- CÓDIGOS ÉTICOS**

Manifesta coñecer o modelo de prevención de delitos da Corporación RTVG que se encontra dispoñible na súa paxina web e o alcance e o contido do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 (DOG nº 179 do 19 de setembro de 2014), aplicable as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En ....., o ... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

**ANEXO IV. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE EMPRESA  
SUBCONTRATISTA.**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO RADIOFÓNICO E SONORO	
---	--


**DATOS DA PERSOA XURÍDICA**

Entidade mercantil que representa:	
NIF:	

**DATOS DA PERSOA QUE DECLARA**

Nome:	Apelidos:	NIF:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:
Enderezo de contacto:		

**1.- DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

- 
11. Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
  12. Que a empresa á que represento foi contratada por ..... para a realización de ..... na obra radiofónica e sonoro .....
  13. Que non concorren as seguintes circunstancias na empresa á que represento:
    - d) Ter solicitada a declaración de concurso voluntario, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declaradas en concurso, salvo que neste adquirira eficacia un convenio ou se iniciara un expediente de acordo extraxudicial de pagamentos, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso
    - e) Ser condenadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que poña en dúbida a súa integridade, de disciplina de mercado, de falseamento da competencia, de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, ou de estranxeiría, de conformidade co establecido na normativa vixente; ou por infracción moi grave en materia medioambiental, de conformidade co establecido na normativa vixente, ou por infracción moi grave en materia laboral ou social, de acordo co disposto no texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, de 4 de agosto así como pola infracción grave prevista no artigo 22.2. do citado texto.
    - f) Ser condenadas mediante sentenza firme por delitos de terrorismo, constitución ou integración dunha organización ou grupo criminal, asociación ilícita, financiamento ilegal dos partidos políticos, trata de seres humanos, corrupción nos negocios, tráfico de influencias, suborno, fraudes, delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social, delitos contra os dereitos dos

traballadores, prevaricación, malversación, negociación prohibidas aos funcionarios, branqueo de capitais, delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, la protección do patrimonio histórico e o medio ambiente, ou á pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio.

14. Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.
15. Que a entidade á que represento conta coa capacidade de obrar necesaria para contratar conforme aos preceptos do código civil.
16. Que conta coa capacidade económica e técnica necesaria para executar o contrato.
17. Que a entidade á que represento cumpre coa normativa vixente, especialmente o Estatuto dos Traballadores e o convenio colectivo que resulte de aplicación, así como coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ademais cumpre puntualmente coas súas obrigas salariais cos seus traballadores e co pagamento das cotas da Seguridade Social.
18. Que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
19. Que a entidade que represento está dada de alta na matrícula correspondente do imposto de actividades económicas:
  - Está ao corrente no pagamento.
  - Está exenta, de conformidade co artigo 82.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**2.- CONSULTA DE DATOS. OPCIONS (marcar unha das opcións)****B. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS**

De conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo o órgano contratante para consultar os datos que a seguir se relacionan:

(sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)

- Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
- Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Consulta datos de identidade de persoas físicas

**B- OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS**

- De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran pola Corporación RTVG sexan consultados directamente por esta e, polo tanto, comprométome a achegar a documentación requirida.

En ....., o ... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:



San Marcos, S/N  
15820 Santiago de Compostela  
NIF: A15073349

## ANEXO V. CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA TITULARIDADE DOS DEREITOS CEDIDOS PARA UN PRODUTOR

Don.....con DNI ....., con domicilio en ..... en representación de ..... con NIF ....., en calidade de .....,ante a Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A.

### DECLARAN

Que con relación a obra radiofónica e sonora provisionalmente titulada “.....”, a empresa..... é a única titular en réxime de exclusiva, con facultade de cesión a terceiros, da integridade dos dereitos de propiedade intelectual sobre o argumento e guión, incluído o de transformación en obra radiofónica e sonoro. Dereitos que posúe por telos adquiridos dos seus creadores, para todo o mundo e ata a entrada da obra no dominio público.

O que declara a tódolos efectos necesarios perante Corporación RTVG, S.A. e terceiros, responsabilizándose da súa declaración a tódolos efectos previstos na lexislación vixente.

En Santiago de Compostela , a      de      de 20...


Asdo.:

## ANEXO VI. CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA TITULARIDADE DOS DEREITOS CEDIDOS VARIOS PRODUCTORES.

Don.....con DNI ....., con domicilio en ..... en representación de ..... con NIF ....., en calidade de .....,ante a Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A.

Don.....con DNI ....., con domicilio en ..... en representación de ..... con NIF ....., en calidade de .....,ante a Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A.

### DECLARAN



Que con relación a obra radiofónica e sonora provisionalmente titulada “.....” as empresas ..... ( %) e ..... ( %), son titulares en réxime de exclusiva, con facultade de cesión a terceiros, da integridade dos dereitos de propiedade intelectual sobre o argumento e guión, incluído o de transformación en obra radiofónica e sonoro. Dereitos que posúe por telos adquiridos dos seus creadores, para todo o mundo e ata a entrada da obra no dominio público.

O que declara a tódolos efectos necesarios perante CRTVG, S.A. e terceiros, responsabilizándose da súa declaración a tódolos efectos previstos na lexislación vixente.

En Santiago de Compostela , a     de             de 20...

Asdo.: